

# Concello de Vimianzo

## MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 14/11/2014

Na vila de Vimianzo, ás vinte horas do día catorce de novembro de dous mil catorce, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde  
D. Fernando Mancebo Amigo  
D.<sup>a</sup> María José Ramos Rey  
D. José Trillo Lema  
D. José Antonio Miñones Riveiro  
D. Manuel Soto Pérez  
D.<sup>a</sup> Mónica Rodríguez Ordoñez  
D. Juan Carlos Amado Sambade  
D. Juan Silva Jallas  
D. José Manuel Rodríguez Blanco  
D.<sup>a</sup> Montserrat Vázquez Miñones

Ausentes:

D.<sup>a</sup> María Carmen Hermida Tomé

Secretaría: D.<sup>a</sup> María Cristina Varela García

Interventor acctal.: D. José Domingo Rodríguez Ferreira

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

### **1. Expediente de modificación orzamentaria mediante suplemento de crédito SC/02/2014.**

Consta no expediente a memoria da Alcaldía de data 6 de novembro de 2014, que se transcribe íntegramente:

#### **“MEMORIA DA ALCALDÍA PARA O CUMPRIMENTO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA DA LEI ORGÁNICA 2/2014, DE 27 DE ABRIL, SOBRE O DESTINO DO SUPERÁVIT ORZAMENTARIO.”**

Visto o establecido pola Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade y Sostenibilidade Financiera:

##### *“Artículo 32 Destino del superávit presupuestario*

*1. En el supuesto de que la liquidación presupuestaria se sitúe en superávit, este se destinará, en el caso del Estado, Comunidades Autónomas, y Corporaciones Locales, a reducir el nivel de endeudamiento neto siempre con el límite del volumen de endeudamiento si éste fuera inferior al importe del superávit a destinar a la reducción de deuda.*

*2. En el caso de la Seguridad Social, el superávit se aplicará prioritariamente al Fondo de Reserva, con la finalidad de atender a las necesidades futuras del sistema.*

*3. A efectos de lo previsto en este artículo se entiende por superávit la capacidad de financiación*

*según el sistema europeo de cuentas y por endeudamiento la deuda pública a efectos del procedimiento de déficit excesivo tal y como se define en la normativa europea. “*

*“Disposición adicional sexta. Reglas especiales para el destino del superávit presupuestario*

*1. Será de aplicación lo dispuesto en los apartados siguientes de esta disposición adicional a las Corporaciones Locales en las que concurren estas dos circunstancias:*

*a) Cumplan o no superen los límites que fije la legislación reguladora de las Haciendas Locales en materia de autorización de operaciones de endeudamiento.*

*b) Que presenten en el ejercicio anterior simultáneamente superávit en términos de contabilidad nacional y remanente de tesorería positivo para gastos generales, una vez descontado el efecto de las medidas especiales de financiación que se instrumenten en el marco de la disposición adicional primera de esta Ley.*

*2. En el año 2014, a los efectos de la aplicación del artículo 32, relativo al destino del superávit presupuestario, se tendrá en cuenta lo siguiente:*

*a) Las Corporaciones Locales deberán destinar, en primer lugar, el superávit en contabilidad nacional o, si fuera menor, el remanente de tesorería para gastos generales a atender las obligaciones pendientes de aplicar a presupuesto contabilizadas a 31 de diciembre del ejercicio anterior en la cuenta de «Acreedores por operaciones pendientes de aplicar a presupuesto», o equivalentes en los términos establecidos en la normativa contable y presupuestaria que resulta de aplicación, y a cancelar, con posterioridad, el resto de obligaciones pendientes de pago con proveedores, contabilizadas y aplicadas a cierre del ejercicio anterior.*

*b) En el caso de que, atendidas las obligaciones citadas en la letra a) anterior, el importe señalado en la letra a) anterior se mantuviese con signo positivo y la Corporación Local optase a la aplicación de lo dispuesto en la letra c) siguiente, se deberá destinar, como mínimo, el porcentaje de este saldo para amortizar operaciones de endeudamiento que estén vigentes que sea necesario para que la Corporación Local no incurra en déficit en términos de contabilidad nacional en dicho ejercicio 2014.*

*c) Si cumplido lo previsto en las letras a) y b) anteriores la Corporación Local tuviera un saldo positivo del importe señalado en la letra a), éste se podrá destinar a financiar inversiones siempre que a lo largo de la vida útil de la inversión ésta sea financieramente sostenible. A estos efectos la ley determinará tanto los requisitos formales como los parámetros que permitan calificar una inversión como financieramente sostenible, para lo que se valorará especialmente su contribución al crecimiento económico a largo plazo.*

*Para aplicar lo previsto en el párrafo anterior, además será necesario que el período medio de pago a los proveedores de la Corporación Local, de acuerdo con los datos publicados, no supere el plazo máximo de pago previsto en la normativa sobre morosidad.*

*3. Excepcionalmente, las Corporaciones Locales que en el ejercicio 2013 cumplan con lo previsto en el apartado 1 respecto de la liquidación de su presupuesto del ejercicio 2012, y que además en el ejercicio 2014 cumplan con lo previsto en el apartado 1, podrán aplicar en el año 2014 el superávit en contabilidad nacional o, si fuera menor, el remanente de tesorería para gastos generales resultante de la liquidación de 2012, conforme a las reglas contenidas en el apartado 2*



# Concello de Vimianzo

anterior, si así lo deciden por acuerdo de su órgano de gobierno.

4. El importe del gasto realizado de acuerdo con lo previsto en los apartados dos y tres de esta disposición no se considerará como gasto computable a efectos de la aplicación de la regla de gasto definida en el artículo 12.

5. En relación con ejercicios posteriores a 2014, mediante Ley de Presupuestos Generales del Estado se podrá habilitar, atendiendo a la coyuntura económica, la prórroga del plazo de aplicación previsto en este artículo. “

(Disposición adicional sexta introducida polo apartado quince do artigo primeiro da L.O. 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público (B.O.E. de 21 de decembro))

Visto o establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno:

*“Artículo 28 Infracciones en materia de gestión económico-presupuestaria:*

*Constituyen infracciones muy graves las siguientes conductas cuando sean culpables:*

(...)

*f) El incumplimiento de la obligación de destinar íntegramente los ingresos obtenidos por encima de los previstos en el presupuesto a la reducción del nivel de deuda pública de conformidad con lo previsto en el artículo 12.5 de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera y el incumplimiento de la obligación del destino del superávit presupuestario a la reducción del nivel de endeudamiento neto en los términos previstos en el artículo 32 y la disposición adicional sexta de la citada Ley.”*

Aprobada a liquidación do exercicio económico 2013 o Remanente Líquido de Tesourería acada un total de 493.979,46€. Despois das modificacións orzamentarias para o uso do Remanente a cantidade actual pendente de uso ascende a 327.511,43€.

Consultada a Intervención municipal faise unha estimación da capacidade de financiamento a final do exercicio 2014 de 175.594,62€, que marca o límite do destino do superávit a investimentos financeiramente sostibles, debendo destinarse a cantidade restante, como mínimo a amortización da débeda.

Visto o cálculo feito pola intervención municipal para reducir a débeda, amortizando o total do crédito concertado co Banco Santander (nº de contrato 004928871030000311), xunto con unha cuota do concertado con La Caixa (nº de contrato 9620.312-052239-32), a cantidade a destinar alcanzaría un total de 152.044,82€.

Visto que a cantidade que podemos destinar a investimentos financeiramente sostibles é de 175.466,61€, e tendo en conta as distintas necesidades, establecemos as seguintes prioridades para o destino do Remanente:

1. Para amortizar a débeda, segundo o previsto pola Intervención municipal, e referido anteriormente, 152.044,82€.

2. Para investimentos financeiramente sostibles a realizar durante o ano 2014, 175.466,61€.

Tal e como se sinala nos informes emitidos polos técnicos redactores das memorias valoradas que achegamos con esta memoria, unha vez realizadas as obras non necesitarán gastos de mantemento anual ou calquera tipo de previsión de investimento económico por parte do Concello de Vimianzo, cando menos durante cinco anos. De feito, coas actuacións de mellora que se propoñen evitaremos incorrer en pequenos gastos de reparación de solución inmediata. Ta,pouco se prevé ningún ingreso.

Ao respecto da proxección dos efectos orzamentarios económicos, non se prevé ningún no horizonte temporal da vida útil das actuacións. En consecuencia a realización das mesmas permitirán dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e non supón nin suporá incorrer en endebedamento.


As actuacións previstas, que se financiarían con esta parte do Remanente, serían as seguintes:

▪ Mellora do pavimento de estradas municipais. O paso do tempo, así como o efecto das inclemencias meteorolóxicas fan necesario un mantemento habitual do pavimento das estradas municipais. Os recursos ordinarios para acometer este mantemento non sempre son suficiente, máis no caso do concello de Vimianzo, que ten unha extensa rede viaria. Neste senso propoñemos un investimento para mellorar o pavimento de vías municipais mediante asfaltado por un total de 49.993,33€, contemplando as seguintes:

1. TREITO DE ACCESO A BRIBES DESDE O NORTE
2. TREITO DE ACCESO A SANSOBRE DESDE O SURESTE
3. TREITO DA ESTRADA ENTRE TREOS E BAIZANA
4. ESTRADA ENTRE VILASECO E ROALO
5. TREITO DE ESTRADA EN TUFIÓN


▪ Mellora de camiños veciñais de carácter agro-gandeiro e forestal. A extensa rede de camiños municipais do noso concello fai necesario un mantemento dos mesmo que require unha boa asignación de recursos ordinarios, habitualmente insuficientes. Por iso propoñemos o uso de parte do Remanente para a mellora dos seguintes camiños veciñais de carácter agro-gandeiro e forestal, por un total de 58.639,68€:

1. REPARACIÓN DE CAMIÑO DENDE RABÓS AO SIXTO, PARROQUIA DE BAÍÑAS
2. REPARACIÓN DE CAMIÑO DENDE PADREIRO DE ARRIBA A ESCOLA DE PADREIRO, PARROQUIA DE BAÍÑAS
3. REPARACIÓN DE CAMIÑO DENDE PONTELLA DE BERDOIAS A ESTRADA AC-440, PARROQUIA DE BERDOIAS
4. REPARACIÓN DE CAMIÑO POLO ESTE DO CASTELO, PARROQUIA DE CARANTOÑA
5. REPARACIÓN DE CAMIÑO POLO OESTE DO CASTELO, PARROQUIA DE CARANTOÑA
6. REPARACIÓN DE CAMIÑO ENTRE A VOLTA E CAMPO DA MILLEIRA, EN BRAÑO, PARROQUIA DE CARANTOÑA
7. REPARACIÓN DE CAMIÑOS DOS PIRIXELES, EN BRAÑO, PARROQUIA DE CARANTOÑA
8. REPARACIÓN DE CAMIÑO DENDE BRAÑO AO RÍO DE CARANTOÑA, PARROQUIA DE CARANTOÑA



# Concello de Vimianzo

9. REPARACIÓN DE CAMIÑO DENDE A DEVESE A CASIÑA, PARROQUIA DE CARNÉS
10. REPARACIÓN DE CAMIÑO DENDE O LUGAR DE ROALO A AREA RECREATIVA DE CASTRELO, PARROQUIA DE CASTRELO.
11. REPARACIÓN DE CAMIÑO DENDE O LUGAR DE VILAR A ESTRADA DE ROALO A AC-552, PARROQUIA DE CASTRELO.
12. REPARACIÓN DE CAMIÑO DENDE A VARIANTE DE CERBÁN A LAVANDEIRA, PARROQUIA DE CASTRELO
13. REPARACIÓN DE CAMIÑO DENDE O LUGAR DE LAVANDEIRA A SIAVI, PARROQUIA DE CASTRELO.
14. REPARACIÓN DE CAMIÑO NO ENTORNO DA ÁREA RECREATIVA DE TUFÍONS, PARROQUIA DE CEREIXO.
15. REPARACIÓN DE CAMIÑO DENDE AS QUEIZADAS A SEIXOS BRANCOS, PARROQUIA DE SALTO.

 Actuacións de mellora do patrimonio municipal que se dedica a centros culturais e veciñais nas parroquias de Baíñas, Serramo, Tines e Cereixo:

- A actuación prevista na Escola de Padreiro é facer o peche do soar que contén á escola, así como mellorar a pavimentación que a rodea e levar a cabo un axardinamento do mesmo. Para todo isto prevemos un total de 19.000€.
- Tamén na Escola de Tines vimos tendo distintas actuacións para a súa mellora. Para completalo faise necesario retellar o tellado, pintar os muros exteriores, e mellorar o parque infantil que contén. A cantidade prevista ascende a 10.500€
- En Serramo vimos de construír un local veciñal que se necesita completar coa dotación de cuberta e baños, e a mellora da pavimentación exterior que o rodea. A cantidade prevista a investir é de 10.000€.
- No lugar de Tufiões hai un área recreativa deteriorada da que os veciños reclaman unha mellora. Tamén hai un lavadoiro público e fonte moi usados que precisan unha actuación de mellora. A cantidade prevista para estes investimentos é de 11.900,70€
- Investimento en aforro e eficiencia do alumeadado público. O concello de Vimianzo ven de facer un investimento neste sentido, mediante unha subvención concedida polo INEGA. A actuación supuxo a substitución das luminarias existentes nun grupo de cadros por outras de tecnoloxía LED. Faise necesario completar esta actuación en varios puntos debido ao alto gasto enerxético feito polas lámpadas tradicionais. A esperanza de vida das luminarias que se prevén colocar é superior aos cinco anos, e o aforro que causarán superará o 60% dos gastos enerxéticos das luminarias tradicionais, segundo o proxecto que acaba de executarse, e que serve de base para continuar con este investimento. Máis aló dos cinco anos, os gastos consistirán na substitución de algunha lámpada. En consecuencia, este investimento permite dar cumprimento aos obxectivos da estabilidade orzamentaria, e non supón incorrer en débeda. Para esta actuación propoñemos un investimento por 15.432,90€.

Achégase para completar esta memoria da Alcaldía os documentos técnicos valorativos dos investimentos propostos, así como xustificativos de que son financeiramente sostibles. No caso do investimento en alumeadado público remitímonos á memoria e ao proxecto que constan no expediente

do punto 4 da orde do día do Pleno celebrado o día 31 de agosto de 2014.

Vimianzo, a 6 de novembro de 2014.

O Alcalde

Asdo.: MANUEL ANTELO PAZOS”

Consta no expediente proposta da Alcaldía, de data 7 de novembro de 2014, que se transcribe íntegramente:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**ASUNTO: EXPEDIENTE NÚM. SC/02/2014 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTES DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS**

De conformidade co disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, do art. 35 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do devandito Texto Refundido, PROPONSE AO PLENO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito SC/02/2014, co seguinte detalle;

- Aprobación de suplemento de crédito nas aplicacións orzamentarias que se sinalan de seguido, por importe total de 256.971,05 €.

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA                 | CONCEPTO   | CONSIGNACIÓN ANTERIOR | IMPORTE MODIFICACIÓN | CONSIGNACIÓN RESULTANTE |
|---|--|-----------------------|----------------------|-------------------------|
| 011 91300                               | Débeda Pública. Amortización de préstamos a L/P  | 212.341,48            | 152.044,82           | 364.386,30              |
| 165 619 00                              | Alumeado público. Outras inversións de reposición.                                       | 57.440,49             | 15.432,90            | 72.873,39               |
| 453 619 00                              | Estradas. Outros investimentos de reposición en infraestruturas destinados ao uso xeral. | 633.849,45            | 49.993,33            | 683.842,78              |
| 933 632 03                              | Xestión do patrimonio. Edifícios e outras construcións                                   | 48.434,92             | 39.500,00            | 87.934,92               |
| <b>TOTAL MODIFICACIÓN: 256.971,05 €</b> |  |                       |                      |                         |

- Financiamento procedente íntegramente de remanente líquido de tesouraría para gastos xerais.

| CONCEPTO     | DENOMINACIÓN                               | IMPORTE €         |
|--------------|--|-------------------|
| 870 00       | Remanente de tesouraría para gastos xerais | 256.971,05        |
| <b>TOTAL</b> |  | <b>256.971,05</b> |

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.



# Concello de Vimianzo

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.”

A proposta da Alcaldía foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, reunida o 11 de novembro de 2014, por dous votos a favor do BNG, dúas abstencións de PSOE e IxV e ningún voto en contra.

Aberto o turno de intervencións, o alcalde explica que para un concello como Vimianzo, con capacidade de financiación, a idea inicial do goberno central era que destinara todo o remanente a amortizar débeda. Despois modificaron esa idea inicial para non perxudicar aos concellos con boa situación económica. Señala que veñen de mellorar as condicións do crédito concertado con La Caixa para pagar a sentenza da Casa de Cultura. Considera que os culpables da crise son os bancos, que xa foron beneficiados, e non quere que os cartos que podan ir adicados a obras para mellorar a calidade de vida dos veciños, vaian a parar aos bancos, por iso adican unha boa cantidade do remanente a investimentos, aínda que tampouco é desdeñable a cantidade que se adica a débeda. Señala que os investimentos van destinados tanto a mellorar vías públicas como a mellorar o patrimonio municipal, e pon como exemplo a mellora das escolas unitarias de Tines e Padreiro. Destaca que as entidades locais están obrigadas a tomar estes acordos, pois constitúe unha infracción moi grave incumplir a normativa á que se acaba de referir a secretaria. Non obstante, entende que é moito máis grave incumplir o mandato dos veciños, pois se están aquí os membros da Corporación é para satisfacer as súas necesidades.

O Sr. Miñones pregunta se os puntos van por separado.

O alcalde considera que se poden debatir e votar conxuntamente, e consulta coa secretaria.

A secretaria sinala que o debate pode ser conxunto, pero deben votarse por separado.

O voceiro do PSOE di que ten a mesma postura sobre os dous expedientes. Parécelle poucos cartos para tantas obras pero non vai impedir que saian adiante. Vaise abster.

O voceiro de IxV indica que, se é posible, vai falar a súa compañeira Mónica Rodríguez, pois foi quen asistiu ás comisións informativas.

A Sra. Rodríguez Ordóñez afirma que asistiu atónita á comisión, pois presentáronlles obras que encarga o alcalde sen contar co resto dos grupos. Define as obras como de mantemento e reparación, non se trata de obras novas, e considera que xa debían estar previstas nos orzamentos. Están dacordo na necesidade de manter e conservar o que xa hai, pero non lle parece que estes “parches” deban incluírse aquí. Considera que actuacións de mil ou dous mil euros non son inversións. Indica que o alcalde presenta unhas memorias que non inclúen unidades de obra nin prezos, e quere que a oposición lle asine un cheque en branco. Considera os documentos técnicos insuficientes, e culpa diso ao goberno, nos aos técnicos redactores. Señala que o seu grupo non quere entorpecer que estas obras se fagan, pero gastar cento setenta e cinco mil euros en parques non o van apoiar. Vanse abster.

O voceiro do PP di que en dous días non da tempo a revisar toda a documentación, e por eso non van poñer problemas e vanse abster.

O Sr. Rodríguez Blanco di que moitas das obras que fixo o actual goberno están mal feitas e agora hai que arranxalas. Señala que viu os proxectos o mércores, pois o día das comisións non llos deixaron ver, e só tivo un día para estudalo. Considera que na comisión na que se debaten estas obras deberían estar os técnicos redactores. Quere que a xente saiba que se a oposición de Vimianzo non quere, estas obras non se aproban. Considera incluso que o alcalde debería chamar aos veciños para que viran os proxectos. Para eles é un pouco violento aprobar obras sen

saber nin o que aproban, pero os veciños non teñen culpa da incapacidade do alcalde de negociar coa oposición. Por eso vanse abster.

O Sr. Mancebo Amigo entende que o papel da oposición é facer algo de crítica, e agradece o talante, non obstante considera que a oposición esquece un dato moi importante: se hai cincocentos mil euros de remanente é porque durante o ano pasado houbo un aforro e non se gastou en cuchipandas nin adicacións exclusivas. Afirmo que herdaron un concello cunha débeda de entre dous millóns e medio e tres millóns de euros, e anuncia que o van deixar por debaixo do millón e incluso dos novecentos mil euros. Polo tanto, sinala que se colleran o concello con débeda cero terían moitos máis cartos para botarlle aglomerado as pistas con seis centímetros. Anuncia que o goberno vai pechar este exercicio con un millón seiscentos mil euros de inversións e cita algunhas: as sendas financiadas con convenios da deputación, as obras do Fondo de Compensación Ambiental, as do DTC-93, o POS 2014, a obra a rúa Codeseiras, etc. Di que todas esas obras responden ás demandas veciñais, aínda que obviamente non todo o que piden dos veciños se pode facer. Di que están en tempos de axustar prezos e hoxe dez mil euros dan para moito.

Sinala o voceiro do BNG que van pechar este ano con remanente. Coincide coa oposición en que as actuacións previstas son insuficientes e gustaríalle asfaltar unha pista forestal con trinta centímetros e canteira, pero entón habería que gastar trinta mil euros nunha pista. Sinala que adecentar un camiño de cincocentos metros cunha minipala anda cos dous ou tres mil euros, e as memorias que constan no expediente están feitas por técnicos, non polo goberno. Teñen que facer fronte a préstamos herdados, que non son de actuacións feitas polo actual goberno.

O alcalde anuncia unha segunda quenda de intervencións.

O Sr. Miñones Riveiro móstrase totalmente dacordo en amortizar a débeda, pero as obras ao non ser propostas polo PSOE non lle van votar a favor.

A concelleira de IxV quere facer un matiz con respecto aos técnicos, pois evidentemente fano por encargo, co que lle pediu o goberno. Con esas presas as obras non quedan en condicións. Lémbrale ao goberno que se ese remanente o incluíra no orzamento seguramente os veciños estarían disfrutando destas obras. Aproveita para pedir unha mesa de diálogo para o POS 2015.

O voceiro do PP di que mantén o dito na súa intervención anterior.

O Sr. Rodríguez Blanco declina volver a intervir.

O Sr. Mancebo Amigo di que cando se elaboraron os actuais orzamentos non se tiña claro aínda o que se podía facer co remanente, que ademais non se pode incluír como créditos iniciais. Considera inxusto que haxa que adicar o remanente a amortizar préstamos a un dous por cen e para facer obras haxa que endebedarse a un catro por cen. Afirmo que el non lle di ao técnico os prezos que hai que poñer nas partidas, pero si lle indica que poña o máis barato posible.

O alcalde lembra que xa aclarou no debate do orzamento que o remanente líquido de tesouraría non pode entrar no orzamento, e os concelleiros debería sabelo xa. En segundo lugar, sinala que no orzamento non poden incluírse tódalas obras porque hai un teito de gasto. Aclara tamén que o destino do remanente non pode ser calquera tipo de obra, senón as financeiramente sostibles. Recrimina ao concelleiro non adscrito que non mire os expedientes e ao PP que non veña á comisión nin consultase o expediente. Pensa que se non estiveran presentes os veciños, a oposición votaría en contra da modificación orzamentaria. Di que lle gusta o talante no pleno de hoxe, que a crítica tamén axuda a gobernar, pero bota en falta que non se vexa unha soa proposta da oposición. Afirmo que nestas obras van propostas dos veciños, do PSOE e do PP, e non entende como este último grupo non as apoia. Pregunta cal é a proposta alternativa de obras





# Concello de Vimianzo

que ten a oposición. Non poden dicir que descoñecen o termo municipal de Vimianzo, pois son as obras que reclaman os veciños. Son actuacións que precisan poucos recursos pero son importantes. Califica de decepcionante que só fagan a crítica e que falte a proposta. Lembra que IxV fixo unha proposta: a rúa Codeseiras, a rúa Tedín, a pista de padel... A oposición non pode dicir que o goberno non é dialogante, pero está claro que o goberno ten que gobernar, non pode estar agardando as propostas da oposición. Estes días estivo buscando concellos coa mesma situación que Vimianzo e non os atopou, agás Laracha, o resto non poden adicar o remanente a investimentos. Aclara que as memorias que constan no expediente son unha previsión para aprobar unha modificación orzamentaria, despois redactaranse os proxectos ou memorias valoradas, segundo se precise. Considera que o camiño que escolleron manifesta que non hai nada detrás do discurso da oposición, que dificilmente pode afirmar que o goberno non acolle as súas propostas.

A concelleira de IxV pide un terceiro turno de intervencións.

O alcalde négase, pois o debate está regulado no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, que a estas alturas todos deben coñecer.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por catro votos a favor do BNG, sete abstencións do PSOE, IxV, PP e concelleiros non adscritos, e ningún voto en contra, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito SC/02/2014, co seguinte detalle;

- Aprobación de suplemento de crédito nas aplicacións orzamentarias que se sinalan de seguido, por importe total de 256.971,05 €.

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA                 | CONCEPTO   | CONSIGNACIÓN ANTERIOR | IMPORTE MODIFICACIÓN | CONSIGNACIÓN RESULTANTE |
|---|--|-----------------------|----------------------|-------------------------|
| 011 91300                               | Débeda Pública. Amortización de préstamos a L/P  | 212.341,48            | 152.044,82           | 364.386,30              |
| 165 619 00                              | Alumeado público. Outras inversións de reposición.                                       | 57.440,49             | 15.432,90            | 72.873,39               |
| 453 619 00                              | Estradas. Outros investimentos de reposición en infraestruturas destinados ao uso xeral. | 633.849,45            | 49.993,33            | 683.842,78              |
| 933 632 03                              | Xestión do patrimonio. Edificios e outras construcións                                   | 48.434,92             | 39.500,00            | 87.934,92               |
| <b>TOTAL MODIFICACIÓN: 256.971,05 €</b> |  |                       |                      |                         |

- Financiamento procedente integramente de remanente líquido de tesouraría para gastos xerais.

| CONCEPTO     | DENOMINACIÓN                               | IMPORTE €         |
|--------------|--|-------------------|
| 870 00       | Remanente de tesouraría para gastos xerais | 256.971,05        |
| <b>TOTAL</b> |  | <b>256.971,05</b> |

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.

## **2. Expediente de modificación orzamentaria mediante crédito extraordinario CE/02/2014.**

Consta no expediente a memoria da Alcaldía de data 6 de novembro de 2014, que se transcribe íntegramente:

### **“MEMORIA DA ALCALDÍA PARA O CUMPRIMENTO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA DA LEI ORGÁNICA 2/2014, DE 27 DE ABRIL, SOBRE O DESTINO DO SUPERÁVIT ORZAMENTARIO.**

Visto o establecido pola Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade y Sostenibilidade Financiera:

#### *“Artículo 32 Destino del superávit presupuestario*

*1. En el supuesto de que la liquidación presupuestaria se sitúe en superávit, este se destinará, en el caso del Estado, Comunidades Autónomas, y Corporaciones Locales, a reducir el nivel de endeudamiento neto siempre con el límite del volumen de endeudamiento si éste fuera inferior al importe del superávit a destinar a la reducción de deuda.*

*2. En el caso de la Seguridad Social, el superávit se aplicará prioritariamente al Fondo de Reserva, con la finalidad de atender a las necesidades futuras del sistema.*

*3. A efectos de lo previsto en este artículo se entiende por superávit la capacidad de financiación según el sistema europeo de cuentas y por endeudamiento la deuda pública a efectos del procedimiento de déficit excesivo tal y como se define en la normativa europea. “*

#### *“Disposición adicional sexta. Reglas especiales para el destino del superávit presupuestario*

*1. Será de aplicación lo dispuesto en los apartados siguientes de esta disposición adicional a las Corporaciones Locales en las que concurran estas dos circunstancias:*

*a) Cumplan o no superen los límites que fije la legislación reguladora de las Haciendas Locales en materia de autorización de operaciones de endeudamiento.*

*b) Que presenten en el ejercicio anterior simultáneamente superávit en términos de contabilidad nacional y remanente de tesorería positivo para gastos generales, una vez descontado el efecto de las medidas especiales de financiación que se instrumenten en el marco de la disposición adicional primera de esta Ley.*

*2. En el año 2014, a los efectos de la aplicación del artículo 32, relativo al destino del superávit presupuestario, se tendrá en cuenta lo siguiente:*



# Concello de Vimianzo

*a) Las Corporaciones Locales deberán destinar, en primer lugar, el superávit en contabilidad nacional o, si fuera menor, el remanente de tesorería para gastos generales a atender las obligaciones pendientes de aplicar a presupuesto contabilizadas a 31 de diciembre del ejercicio anterior en la cuenta de «Acreedores por operaciones pendientes de aplicar a presupuesto», o equivalentes en los términos establecidos en la normativa contable y presupuestaria que resulta de aplicación, y a cancelar, con posterioridad, el resto de obligaciones pendientes de pago con proveedores, contabilizadas y aplicadas a cierre del ejercicio anterior.*

*b) En el caso de que, atendidas las obligaciones citadas en la letra a) anterior, el importe señalado en la letra a) anterior se mantuviese con signo positivo y la Corporación Local optase a la aplicación de lo dispuesto en la letra c) siguiente, se deberá destinar, como mínimo, el porcentaje de este saldo para amortizar operaciones de endeudamiento que estén vigentes que sea necesario para que la Corporación Local no incurra en déficit en términos de contabilidad nacional en dicho ejercicio 2014.*

*c) Si cumplido lo previsto en las letras a) y b) anteriores la Corporación Local tuviera un saldo positivo del importe señalado en la letra a), éste se podrá destinar a financiar inversiones siempre que a lo largo de la vida útil de la inversión ésta sea financieramente sostenible. A estos efectos la ley determinará tanto los requisitos formales como los parámetros que permitan calificar una inversión como financieramente sostenible, para lo que se valorará especialmente su contribución al crecimiento económico a largo plazo.*

*Para aplicar lo previsto en el párrafo anterior, además será necesario que el período medio de pago a los proveedores de la Corporación Local, de acuerdo con los datos publicados, no supere el plazo máximo de pago previsto en la normativa sobre morosidad.*

*3. Excepcionalmente, las Corporaciones Locales que en el ejercicio 2013 cumplan con lo previsto en el apartado 1 respecto de la liquidación de su presupuesto del ejercicio 2012, y que además en el ejercicio 2014 cumplan con lo previsto en el apartado 1, podrán aplicar en el año 2014 el superávit en contabilidad nacional o, si fuera menor, el remanente de tesorería para gastos generales resultante de la liquidación de 2012, conforme a las reglas contenidas en el apartado 2 anterior, si así lo deciden por acuerdo de su órgano de gobierno.*

*4. El importe del gasto realizado de acuerdo con lo previsto en los apartados dos y tres de esta disposición no se considerará como gasto computable a efectos de la aplicación de la regla de gasto definida en el artículo 12.*

*5. En relación con ejercicios posteriores a 2014, mediante Ley de Presupuestos Generales del Estado se podrá habilitar, atendiendo a la coyuntura económica, la prórroga del plazo de aplicación previsto en este artículo. “*

*(Disposición adicional sexta introducida polo apartado quince do artigo primeiro da L.O. 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público (B.O.E. de 21 de decembro))*

Visto o establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno:

*“Artículo 28 Infracciones en materia de gestión económico-presupuestaria:*

*Constituyen infracciones muy graves las siguientes conductas cuando sean culpables:*

*(...)*

*f) El incumplimiento de la obligación de destinar íntegramente los ingresos obtenidos por encima de los previstos en el presupuesto a la reducción del nivel de deuda pública de conformidad con lo previsto en el artículo 12.5 de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera y el incumplimiento de la obligación del destino del superávit presupuestario a la reducción del nivel de endeudamiento neto en los términos previstos en el artículo 32 y la disposición adicional sexta de la citada Ley.”*

Aprobada a liquidación do exercicio económico 2013 o Remanente Líquido de Tesourería acada un total de 493.979,46€. Despois das modificacións orzamentarias para o uso do Remanente a cantidade actual pendente de uso ascende a 327.511,43€.

Consultada a Intervención municipal faise unha estimación da capacidade de financiamento a final do exercicio 2014 de 175.594,62€, que marca o límite do destino do superávit a investimentos financeiramente sostibles, debendo destinarse a cantidade restante, como mínimo a amortización da débeda.

Visto o cálculo feito pola intervención municipal para reducir a débeda, amortizando o total do crédito concertado co Banco Santander (nº de contrato 004928871030000311), xunto con unha cuota do concertado con La Caixa (nº de contrato 9620.312-052239-32), a cantidade a destinar alcanzaría un total de 152.044,82€.

Visto que a cantidade que podemos destinar a investimentos financeiramente sostibles é de 175.466,61€, e tendo en conta as distintas necesidades, establecemos as seguintes prioridades para o destino do Remanente:

1. Para amortizar a débeda, segundo o previsto pola Intervención municipal, e referido anteriormente, 152.044,82€.

2. Para investimentos financeiramente sostibles a realizar durante o ano 2014, 175.466,61€.

Tal e como se sinala nos informes emitidos polos técnicos redactores das memorias valoradas que achegamos con esta memoria, unha vez realizadas as obras non necesitarán gastos de mantemento anual ou calquera tipo de previsión de investimento económico por parte do Concello de Vimianzo, cando menos durante cinco anos. De feito, coas actuacións de mellora que se propoñen evitaremos incorrer en pequenos gastos de reparación de solución inmediata. Ta,pouco se prevé ningún ingreso.

Ao respecto da proxección dos efectos orzamentarios económicos, non se prevé ningún no horizonte temporal da vida útil das actuacións. En consecuencia a realización das mesmas permitirán dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e non supón nin suporá incorrer en endebedamento.

As actuacións previstas, que se financiarían con esta parte do Remanente, serían as seguintes:



# Concello de Vimianzo

▪ Mellora do pavimento de estradas municipais. O paso do tempo, así como o efecto das inclemencias meteorolóxicas fan necesario un mantemento habitual do pavimento das estradas municipais. Os recursos ordinarios para acometer este mantemento non sempre son suficiente, máis no caso do concello de Vimianzo, que ten unha extensa rede viaria. Neste senso propoñemos un investimento para mellorar o pavimento de vías municipais mediante asfaltado por un total de 49.993,33€, contemplando as seguintes:

1. TREITO DE ACCESO A BRIBES DESDE O NORTE
2. TREITO DE ACCESO A SANSOBRE DESDE O SURESTE
3. TREITO DA ESTRADA ENTRE TREOS E BAIZANA
4. ESTRADA ENTRE VILASECO E ROALO
5. TREITO DE ESTRADA EN TUFIÓN

▪ Mellora de camiños veciñais de carácter agro-gandeiro e forestal. A extensa rede de camiños municipais do noso concello fai necesario un mantemento dos mesmo que require unha boa asignación de recursos ordinarios, habitualmente insuficientes. Por iso propoñemos o uso de parte do Remanente para a mellora dos seguintes camiños veciñais de carácter agro-gandeiro e forestal, por un total de 58.639,68€:

1. REPARACIÓN DE CAMIÑO DENDE RABÓS AO SIXTO, PARROQUIA DE BAÍÑAS
2. REPARACIÓN DE CAMIÑO DENDE PADREIRO DE ARRIBA A ESCOLA DE PADREIRO, PARROQUIA DE BAÍÑAS
3. REPARACIÓN DE CAMIÑO DENDE PONTELLA DE BERDOIAS A ESTRADA AC-440, PARROQUIA DE BERDOIAS
4. REPARACIÓN DE CAMIÑO POLO ESTE DO CASTELO, PARROQUIA DE CARANTOÑA
5. REPARACIÓN DE CAMIÑO POLO OESTE DO CASTELO, PARROQUIA DE CARANTOÑA
6. REPARACIÓN DE CAMIÑO ENTRE A VOLTA E CAMPO DA MILLEIRA, EN BRAÑO, PARROQUIA DE CARANTOÑA
7. REPARACIÓN DE CAMIÑOS DOS PIRIXELES, EN BRAÑO, PARROQUIA DE CARANTOÑA
8. REPARACIÓN DE CAMIÑO DENDE BRAÑO AO RÍO DE CARANTOÑA, PARROQUIA DE CARANTOÑA
9. REPARACIÓN DE CAMIÑO DENDE A DEVESE A CASIÑA, PARROQUIA DE CARNÉS
10. REPARACIÓN DE CAMIÑO DENDE O LUGAR DE ROALO A AREA RECREATIVA DE CASTRELO, PARROQUIA DE CASTRELO.
11. REPARACIÓN DE CAMIÑO DENDE O LUGAR DE VILAR A ESTRADA DE ROALO A AC-552, PARROQUIA DE CASTRELO.
12. REPARACIÓN DE CAMIÑO DENDE A VARIANTE DE CERBÁN A LAVANDEIRA, PARROQUIA DE CASTRELO
13. REPARACIÓN DE CAMIÑO DENDE O LUGAR DE LAVANDEIRA A SIAVI, PARROQUIA DE CASTRELO.
14. REPARACIÓN DE CAMIÑO NO ENTORNO DA ÁREA RECREATIVA DE TUFIÓN, PARROQUIA DE CEREIXO.
15. REPARACIÓN DE CAMIÑO DENDE AS QUEIZADAS A SEIXOS BRANCOS, PARROQUIA DE SALTO.

▪ Actuacións de mellora do patrimonio municipal que se dedica a centros culturais e veciñais nas parroquias de Bañías, Serramo, Tines e Cereixo:

- A actuación prevista na Escola de Padreiro é facer o peche do soar que contén á escola, así como mellorar a pavimentación que a rodea e levar a cabo un axardinamento do mesmo. Para todo isto prevemos un total de 19.000€.

- Tamén na Escola de Tines vimos tendo distintas actuacións para a súa mellora. Para completalo faise necesario retellar o tellado, pintar os muros exteriores, e mellorar o parque infantil que contén. A cantidade prevista ascende a 10.500€

- En Serramo vimos de construír un local veciñal que se necesita completar coa dotación de cuberta e baños, e a mellora da pavimentación exterior que o rodea. A cantidade prevista a investir é de 10.000€.

- No lugar de Tufiões hai un área recreativa deteriorada da que os veciños reclaman unha mellora. Tamén hai un lavadoiro público e fonte moi usados que precisan unha actuación de mellora. A cantidade prevista para estes investimentos é de 11.900,70€

▪ Investimento en aforro e eficiencia do alumeadado público. O concello de Vimianzo ven de facer un investimento neste sentido, mediante unha subvención concedida polo INEGA. A actuación supuxo a substitución das luminarias existentes nun grupo de cadros por outras de tecnoloxía LED. Faise necesario completar esta actuación en varios puntos debido ao alto gasto enerxético feito polas lámpadas tradicionais. A esperanza de vida das luminarias que se prevén colocar é superior aos cinco anos, e o aforro que causarán superará o 60% dos gastos enerxéticos das luminarias tradicionais, segundo o proxecto que acaba de executarse, e que serve de base para continuar con este investimento. Máis aló dos cinco anos, os gastos consistirán na substitución de algunha lámpada. En consecuencia, este investimento permite dar cumprimento aos obxectivos da estabilidade orzamentaria, e non supón incorrer en débeda. Para esta actuación propoñemos un investimento por 15.432,90€.

Achégase para completar esta memoria da Alcaldía os documentos técnicos valorativos dos investimentos propostos, así como xustificativos de que son financeiramente sostíbeis. No caso do investimento en alumeadado público remitímonos á memoria e ao proxecto que constan no expediente do punto 4 da orde do día do Pleno celebrado o día 31 de agosto de 2014.

Vimianzo, a 6 de novembro de 2014.

O Alcalde

Asdo.: MANUEL ANTELO PAZOS”

Consta no expediente proposta da Alcaldía, de data 6 de novembro de 2014, que se transcribe íntegramente:

**“PROPOSTA DO ALCALDE**

ASUNTO: EXPEDENTE NÚM. CE/02/2014 DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON



# Concello de Vimianzo


## REMANENTES DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS

De conformidade co disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, do art. 35 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do devandito Texto Refundido, PROPONSE AO PLENO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito CE/02/2014, co seguinte detalle:

- Aprobación de crédito extraordinario nas aplicacións orzamentarias que se sinalan de seguido, por importe total de **70.540,38 €**.

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | CONCEPTO   | IMPORTE A DOTAR  |
|-------------------------|--|------------------|
| 454 619 00              | Camións veciñais. Outras inversións de reposición de infraestruturas e bens destinadas o uso xeral.                          | 58.639,68        |
| 933 619 04              | Xestión do Patrimonio. Outras inversións de reposición de infraestruturas e bens destinadas o uso xeral de parques e xardíns | 11.900,70        |
| TOTAL                   |  | <b>70.540,38</b> |

 Financiamento procedente integramente de remanente líquido de tesouraría para gastos xerais.

| CONCEPTO | DENOMINACIÓN                               | IMPORTE €        |
|----------|--|------------------|
| 870 00   | Remanente de tesouraría para gastos xerais | 70.540,38        |
| TOTAL    |  | <b>70.540,38</b> |

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia."

A proposta da Alcaldía foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, reunida o 11 de novembro de 2014, por dous votos a favor do BNG, dúas abstencións de PSOE e IxV e ningún voto en contra.

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por catro votos a favor do BNG, sete abstencións do PSOE, IxV, PP e concelleiros non adscritos, e ningún voto en contra, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito CE/02/2014, co seguinte detalle:

- Aprobación de crédito extraordinario nas aplicacións orzamentarias que se sinalan de seguido, por importe total de **70.540,38 €**.

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | CONCEPTO   | IMPORTE A DOTAR  |
|-------------------------|--|------------------|
| 454 619 00              | Camiños veciñais. Outras inversións de reposición de infraestruturas e bens destinadas o uso xeral.                          | 58.639,68        |
| 933 619 04              | Xestión do Patrimonio. Outras inversións de reposición de infraestruturas e bens destinadas o uso xeral de parques e xardíns | 11.900,70        |
| <b>TOTAL</b>            |  | <b>70.540,38</b> |

- Financiamento procedente integramente de remanente líquido de tesouraría para gastos xerais.

| CONCEPTO     | DENOMINACIÓN                               | IMPORTE €        |
|--------------|--|------------------|
| 870 00       | Remanente de tesouraría para gastos xerais | 70.540,38        |
| <b>TOTAL</b> |  | <b>70.540,38</b> |

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.

**3. Declaración de caducidade do expediente de revisión de oficio iniciado por acordo plenario de data 26 de xullo de 2014 e inicio de novo expediente de revisión de oficio do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, aprobado definitivamente polo Pleno o 26 de maio de 2012.**

Consta no expediente requirimento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, asinado o 11 de outubro de 2012 pola secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e recibido o 16/10/2012 (RE 7619), de anulación do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vimianzo o 26 de maio de 2012.

Os fundamentos xurídicos da anulación son os expresados no requirimento da Consellería, que se transcriben literalmente a continuación:

**"(...) FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

*Analizada a documentación remitida polo Concello de Vimianzo, cómpre formular as seguintes consideracións:*

1. *Nos exemplares remitidos non figura na súa parte escrita, agás a portada, a dilixencia facendo constar a súa aprobación definitiva, que é preceptiva conforme ao artigo 92.3 da LOUG, nin outro selo nin dilixencia municipal.*
2. *O estudo de detalle non se refire a un quinteiro ou unidade urbana equivalente, senón só a unha única parcela. Isto, ademais de ser unha infracción do artigo 73.1 da LOUG, impide integrar axeitadamente a ordenación proposta no estudo de detalle, que altera a posición das medianeiras da edificación permitida na parcela, coa das parcelas colindantes, non afectadas por el.*
3. *O Estudo de detalle incumpre os seguintes parámetros da ordenanza URLI:*





# Concello de Vimianzo

- *Usos principal e permitidos: o estudo de detalle xustifica a modificación dos volumes edificables con base na consideración de que se trata dunha vivenda unifamiliar, uso non previsto entre o principal e os permitidos na ordenanza URLI, vulnerando así o disposto no artigo 73.2.h) da LOUG.*
- *Recuados: a ordenanza remite ao plano de rede viaria para a súa fixación, plano no que non se sinala recuado ningún para o ámbito, en coherencia coa tipoloxía de edificación entre medianeiras prescrita nela, mentres que o estudo de detalle prevé recuados en parte da fronte de edificación na extrema coa parcela colindante; vulnerase así o disposto no artigo 73.2.g) da LOUG.*
- *Profundidade máxima edificable: é de 18 m na ordenanza URLI, cando no proxecto acada todo o fondo da ordenanza URLI, uns 32 m, aumentando así a ocupación do solo en plantas altas, vulnerando así o disposto no artigo 73.2.e) da LOUG.*
- *Por último, o estudo de detalle establece unha ordenanza específica para a parcela que altera as ordenanzas URLI e URFI para ela, o que está prohibido polo artigo 73.2.h) da LOUG.*

*A pretendida harmonización cun contorno de vivenda unifamiliar non pode realizarse mediante estudo de detalle alterando as determinacións do planeamento xeral que desenvolve, sendo materia propia dunha modificación deste.*

*En consecuencia, o estudo de detalle, máis alá das cuestións documentais relativas ao seu dilixenciado, incumpre a normativa no sinalado nos puntos 2) e 3) anteriores.”*

Consta no expediente informe de data 31/03/2014 do arquitecto-xefe do Servizo de Asistencia Técnica Urbanística (SATU) remitido a este concello o 11/04/2014, con RE 2763 polo presidente da Deputación Provincial. O informe pronúnciase respecto do “axuste á ordenación urbanística dun estudo de detalle en Bañas” e ten un total de 58 páxinas, que conclúe o seguinte (páxs. 54 a 58):

## **“(…) 6.2 Alegación razoada**

*Consonte a previsión constitucional de que as Comunidades Autónomas poden asumir competencias en ordenación do territorio, urbanismo ou vivenda (art. 148.1.3 da CE/1978), o seu Estatuto de Autonomía atribúe a Galicia a competencia exclusiva nestas materias (art. 27.3 do EAG/1981).*

*Sen prexuízo do anterior, a sentenza do Tribunal Constitucional do 20/03/1997, (STC 61/1997), que derogou a maior parte da anterior reforma lexislativa en materia urbanística constituída pola L 8/1890 e o RDL 1/1992, confirmou a competencia estatal para establecer as condicións básicas que garantan a igualdade no exercicio do dereito da propiedade do solo en todo o territorio español. Este recoñecemento de competencia esténdese tamén á regulación doutras materias que inciden no urbanismo, como son a expropiación forzosa, as valoracións, a responsabilidade das Administracións públicas ou o procedemento administrativo común (art 149.1 da CE/1978).*

*En todo caso, as normas estatais prevalecen sobre as das Comunidades Autónomas en todo o que non estea atribuído á exclusiva competencia destas (art 149.3 da CE/1978).*

### **6.2.1 Clasificación do solo**

*Con base na información obtida dos documentos que se achegaron, o ámbito territorial de Vimianzo correspondente ao estudo de detalle en cuestión estaría clasificado como solo urbano consolidado (transt. 1ª.1.b, en relación co 12.a da LG 9/2002). A devandita clasificación de solo equivale no substancial á situación básica de solo urbanizado regulado pola lexislación estatal (art. 12.3 do RDL 2/2008).*

*Esta condición de solo en situación básica de urbanizado confirmaríase pola existencia dos servizos urbanísticos básicos que se detectaron na inspección realizada aos terreos e pola información obtida nos correspondentes planos da Enquisa de Infraestructuras e Equipamento Local.*

#### 6.2.2 Unidade urbana completa

*O estudo de detalle refírese a unha única parcela, sen cumprir coas previsións legais de ordenar un quinteiro ou unidade urbana completa equivalente (art. 73.1 da LG 9/2002).*

*Polo citado motivo, semella que tería sido o máis procedente requirir ao interesado para que corríxese esta deficiencia en prazo ou ben declarar inadmisíble a tramitación solicitada (art 71, 89.4 da L 30/1992; respectivamente).*

#### 6.2.3 Adaptación Ambiental

*A Composición arquitectónica de edificación acaroada aos lindes de parcela non resulta congruente coa tipoloxía illada do seu contorno, vulnerando a normativa de adaptación ambiental que resulta de aplicación directa (art. 10.2 do RDL 2/2008, 104.c da LG 9/2002), ao posuír un de rango xerárquico superior á procedente do planeamento xeral.*

#### 6.2.4 Ordenación detallada

*As condicións de uso e volume aplicabeis a esta operación de crecemento urbano están fixadas polas disposicións da ordenanza municipal reguladora de solo urbano consolidado correspondentes ás ordenanzas URLI e URFI das normas urbanísticas das NSPV/1994; en todo o que non se opoña á normativa xerarquicamente superior que se citou nos 2 apartados anteriores.*

*A esas condicións de volume do planeamento xeral se engaden outras de maior precisión pormenorizada que, por non constar publicadas, resultarían inaplicábeis e deben ser substituídas polas que correspondan das NSCPP/1991.*

*Os particulares posúen o dereito de iniciativa na execución da urbanización, sexan ou non propietarios do solo (art. 6.a do RDL 2/2008; 3.1.b/7, 4.f 5.3, 108.3 da LG 9/2002). Ademáis, baixo determinadas condicións, están facultados para formular previamente os plans de desenvolvemento urbano que correspondan, sempre que contén coa aceptación dos propietarios do solo que representen máis do 50% do ámbito superficial afectado (art. 74, 79 da LG 9/2002); circunstancias todas que parecen concorrer no caso que nos ocupa.*

*A partir destas permisas básicas que non ofrecen maior dúbida, calquera solución de ordenación de detalle que se proxecte neste ámbito debería respectar as condicións de uso e volume que resultan de aplicar as citadas ordenanzas das NSPV/1994.*

*Non sucede así co estudo de detalle que nos ocupa, debido a que pretende excepcionar no seu ámbito o cumprimento da condición de volume da ordenanza URLI que determina un fondo máximo edificable de 18m.*

*Consecuentemente, ademáis da improcedencia de non referirse a unha unidade urbana completa e da vulneración que se refire á falla de adaptación ambiental, este instrumento de planeamento incumpre a ordenación urbanística vixente por non observar a limitación establecida mediante un parámetro específico das condicións de volume das NSPV/1994 (art. 73.2 da LG 9/2002).*



# Concello de Vimianzo

## 6.2.5 Nulidade de aprobación

As infraccións detectadas á ordenación urbanística vixente vulneran disposicións administrativas de rango xerárquico superior (art. 62 da L 30/1992), presentes na lexislación urbanística especial, así como no propio planeamento xeral, significando por tanto unha reserva de dispensación para este ámbito (art. 101.2 da LG 9/2002).

Pola razón anterior, resultaría procedente atender ao requirimento de anulación efectuado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras.

## 7 Consideracións finais

Con independencia da opinión que se sostén neste informe, o concello de Vimianzo podería dirixirse á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras solicitando que estenda expresamente o seu pronunciamento anterior a todas as cuestións de legalidade que afectan a esta actuación urbanística.

A petición anterior faríase en razón á competencia xeral autonómica para interpretar as situacións básicas de solo que corresponden no réxime transitorio dun planeamento xeral sen adaptar ao marco legal vixente, así como para precisar os límites dentro dos que a iniciativa particular -en exercicio da libre empresa, sexa o non propietaria de terreos- está facultada para elaborar instrumentos de ordenación (art. 6.5, 8.3.b do RDL 2/2008; 3, 4, 74, 90 da LG 9/2002) e/ou exercer o seu dereito completar a urbanización e edificar (art. 8.5/6 do RDL 2/2008, 17 da LG 9/2002).

Esta consideración atende, de xeito analóxico (art. 4.1 do CC/1989), á recomendación contida no apartado 4 da CI 2/2003 para resolver as posibles dúbidas que se produzan pola falla de adaptación dos plans ao presente marco legal na especial materia urbanística, constituído substancialmente polo RDL 2/2008 (modificado polo RDL 8/2011, L 8/2013 e L 27/2013) e a LG 9/2002 (modificada polas LG 15/2004, LG 6/2007, LG 3/2008, LG 6/2008, LG 2/2010, LG 15/2010 e LG 8/2012).

En todo caso, calquera solución que se adopte debería observar o principio xeral de interpretación integrada das normas xurídicas (art. 3 e 4 do CC/1889) conforme ao principio de desenvolvemento urbanístico sustentable (art. 2 do RDL 2/2008) e aplicando os criterios de maior protección ambiental (art. 6 da LG 9/2002 e demais normativa concordante).

Consonte todo o anteriormente exposto; no contexto do que vai dito; sen prexuízo doutras consideracións que resultasen de datos diferentes aos achegados; tratando de actuar en congruencia cos motivos que xustifican a intervención administrativa dos actos de uso do solo e de prestar atención ao espírito e finalidade da normativa vixente; extraio -salvo mellor criterio para os efectos de pronunciamento, cara á correspondente proposta de resolución, as seguintes

## Conclusións

### Primeira Axuste a ordenación urbanística

O estudo de detalle aprobado vulnera a ordenación urbanística vixente, porque a edificación proxectada:

1 non contempla un quinteiro ou unidade urbana equivalente

*2 adopta unha posición acaroada aos seus lindes que non resulta congruente coa tipoloxía do contorno*

*3 modifica o emprazamento determinado polo planeamento xeral, mediante o aumento do fondo máximo edificable da ordenanza URLI*

## **Segunda Anulación requirida pola Consellería**

*Procedería atender o requirimento en cuestión porque non se ordena unha unidade urbana completa equivalente e por considerarse nulas de pleno dereito tanto a falla de adaptación ambiental ao contorno como a reserva de dispensación do fondo máximo edificable determinado polo planeamento xeral.*

*Non obstante, considerando os informes técnicos e xurídicos que emitan os seus propios Servizos, esa Corporación adoptará os acordos que xulgue máis procedentes.*

*Este é o meu informe que, composto de 58 follas numeradas e sometido a opinións mellor fundadas, emito para o Concello de Vimianzo co fin de que conste para os efectos oportunos.*

*A Coruña, 31 de marzo de 2014*

*O arquitecto-xefe do SATU*

*Xosé Fco. Freire"*

Consta informe da secretaria municipal, emitido o 17/07/2014.

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2014, acordou iniciar o expediente de revisión de oficio do estudo de detalle aprobado definitivamente polo Pleno o 26 de maio de 2012.

O acordo foille notificado aos interesados o 29 de xullo de 2014, con RS 4436, outorgándolle un prazo de quince días hábiles para presentar alegacións.

Consta escrito de alegacións presentado polos interesados o 13 de agosto de 2014, con RE 6533.

A secretaria municipal emite informe o 06/11/2014, do que se transcriben íntegramente as consideracións xurídicas:

### **"(...) III.- CONSIDERACIÓN XURÍDICAS**

#### **Primeira.- Análise das alegacións presentadas polos interesados mediante escrito con RE 6533.**

Non procede entrar agora na análise das alegacións presentadas, posto que, como xa fixo constar esta funcionaria no informe emitido o 17 de xullo de 2014, o expediente caduca se non se resolve no prazo de tres meses dende o acordo de incoación (ex art. 102.5 LRX-PAC). Constátase o transcurso deste prazo, debendo polo tanto declararse a caducidade do expediente (ex art. 42.1 da LRX-PAC), acordo que pode tomarse simultaneamente ao acordo de incoación dun novo expediente.



# Concello de Vimianzo

## Segunda.- Presupostos da revisión de oficio de disposicións e actos nulos.

O artigo 102 da LRX-PAC dispón en relación coa revisión de disposicións e actos nulos o seguinte:

*"1. Las Administraciones públicas, en cualquier momento, por iniciativa propia o a solicitud de interesado, y previo dictamen favorable del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma, si lo hubiere, declararán de oficio la nulidad de los actos administrativos que hayan puesto fin a la vía administrativa o que no hayan sido recurridos en plazo, en los supuestos previstos en el artículo 62.1.*

*2. Asimismo, en cualquier momento, las Administraciones públicas de oficio, y previo dictamen favorable del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma si lo hubiere, podrán declarar la nulidad de las disposiciones administrativas en los supuestos previstos en el artículo 62.2.*

*3. El órgano competente para la revisión de oficio podrá acordar motivadamente la inadmisión a trámite de las solicitudes formuladas por los interesados, sin necesidad de recabar dictamen del Consejo de Estado u órgano consultivo de la Comunidad Autónoma, cuando las mismas no se basen en alguna de las causas de nulidad del artículo 62 o carezcan manifiestamente de fundamento, así como en el supuesto de que se hubieran desestimado en cuanto al fondo otras solicitudes sustancialmente iguales.*

*4. Las Administraciones públicas, al declarar la nulidad de una disposición o acto, podrán establecer, en la misma resolución, las indemnizaciones que proceda reconocer a los interesados, si se dan las circunstancias previstas en los artículos 139.2 y 141.1 de esta Ley; sin perjuicio de que, tratándose de una disposición, subsistan los actos firmes dictados en aplicación de la misma.*

*5. Cuando el procedimiento se hubiera iniciado de oficio, el transcurso del plazo de tres meses desde su inicio sin dictarse resolución producirá la caducidad del mismo. Si el procedimiento se hubiera iniciado a solicitud de interesado, se podrá entender la misma desestimada por silencio administrativo.*

Asemade, o art. 53 da LBRL establece que *"las Corporaciones Locales podrán revisar sus actos y acuerdos en los términos y con el alcance que, para la Administración del Estado, se establece en la legislación del Estado reguladora del procedimiento administrativo común"*, previsión que veñen a reproducir os artigos 4.1.g) e 218 do ROF.

Respecto á natureza do estudo de detalle (acto ou disposición administrativa), debemos estar ao criterio do propio Consello Consultivo, que no Ditame nº 078/2013, de data 05/03/2013, sinala: *"Quinta.- (...) Polo que se refire ao estudo de Detalle para a ordenación de volumes, aprobado definitivamente por acordo do Pleno do Concello de Lugo de data 02.05.2005, temos que lembrar que é concebido legalmente como instrumento de planeamento de desenvolvemento e, en canto tal, como disposición de carácter xeral, sendo esta a razón pola que non cabe o exercicio polos particulares de este tipo de acción anulatoria de xeito directo, nos termos fixados no artigo 102.2 da LRXPAC, que a circunscribe literalmente ás Administracións públicas de oficio."*

De igual xeito se pronuncia en ditames anteriores, en concreto no Ditame nº 145/2011, de data 18/05/2011, tamén referida a un expediente de revisión de oficio dun estudo de detalle aprobado por acordo plenario do Concello de Fene: *"Cuarta.- (...) Esta revisión de oficio atopa o seu fundamento nas previsións do art. 62.2 da LRXPAC, que coida nulas de pleno dereito as transgresións de normas constitucionais, legais ou de rango xerárquico superior, como ocorre no caso que nos ocupa, en que se constata unha contravención directa do art. 73.2,a) e c) da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia."*

En canto aos presupostos da revisión de oficio o artigo 102.2 da LRX-PAC sinala que *"podrán declarar la nulidad de las disposiciones administrativas en los supuestos previstos en el artículo 62.2."*

No caso do estudo de detalle obxecto de revisión – aprobado definitivamente polo Pleno o 26 de maio de 2012 – estamos, polo tanto, diante dunha disposición de carácter xeral.

Ademais, e atendendo á documentación obrante no expediente, tras a desatención do requirimento de anulación realizado pola administración autonómica, consta a presentación de recurso contencioso-administrativo diante do TSXG, procedemento que rematou coa sentenza ditada o 5 de decembro de 2013, que inadmite o recurso por interposición extemporánea, pois o prazo de dous meses rematou o 16 de xaneiro e o recurso presentouse o 22 de febreiro de 2013.

Existindo, pois, un pronunciamento xudicial sobre o asunto, cómpre analizar se procede iniciar a revisión de oficio do acto administrativo en cuestión.

A Sentencia do Tribunal Supremo de 7 de Febreiro de 2013 (rec. 563/2010) dí o seguinte: *"Lo que antecede pone de manifiesto que en ese proceso jurisdiccional se analizaron todos los motivos impugnatorios deducidos por el recurrente, quedando desestimados por sentencia ya firme, y esto supone que, en el caso de haber sido omitido alguno, no cabe invocarlo ahora como causa de nulidad en el procedimiento de revisión de oficio una vez que la resolución sancionadora quedó firme tras el procedimiento judicial. La razón de que así deba ser es la naturaleza y finalidad que corresponde al procedimiento de revisión de oficio de actos administrativos nulos de pleno derecho, pues éste se configura como un remedio extraordinario y, como tal, subsidiario de los instrumentos procedimentales ordinarios de impugnación de actos administrativos; de modo que no resulta viable cuando para hacer valer la pretendida nulidad ya se han utilizado los cauces procedimentales ordinarios, el acto dictado ha sido impugnado ante la jurisdicción contencioso-administrativa y este proceso jurisdiccional ha terminado por resolución firme".*

Eso sí, a Sentencia do Tribunal Supremo de 18 de Xullo de 2013 (rec. 814/2011) matiza que non opera a cousa xulgada e o conseguinte veto á ulterior revisión de oficio cando a sentenza non tivera *"producido un enjuiciamiento definitivo del debate jurídico planteado"* xa que queda impregulgado o debate, ben por apreciarse unha excepción que pon término ao procedemento xudicial (como sería o caso da inadmisión do recurso por presentación extemporánea) ou ben por ter desistido xudicialmente, situacións nas que non existirá tal eficacia da cousa xulgada, e quedaría aberta a posibilidade da revisión de oficio.

Nese sentido, o manual "Jurisdicción contencioso administrativa. Comentarios a la Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa", editado por El Consultor no ano 2007, refírese ás sentenzas que sinalan a inadmisibilidade do recurso nos seguintes termos:

*"No sólo limitan su eficacia a las partes, sino que cabe sostener que, pese a la redacción del art. 72.1 LJCA, ni siquiera producen efecto de cosa juzgada al no pronunciarse sobre la legalidad de la disposición, acto o actuación de la Administración. En este sentido, aunque la jurisprudencia no es uniforme, puede citarse la STS (Sala 4ª) de 7 Oct. 1986, que señala:*

*"La afirmación de que existe cosa juzgada (es) del todo improcedente si tenemos en cuenta que la sentencia de esta Sala de 10 Feb. 1983, que puso fin al citado recurso núm. 107/82, acogió una causa de inadmisibilidad, y sabido es que estas sentencias carecen del valor de cosa juzgada material, como ha declarado nuestro Tribunal Supremo, en multitud de sentencias, de las que pueden servir de ejemplo las de 19 Ene. 1970 y 12 May. 1977."*



# Concello de Vimianzo

Do mesmo xeito, e atendendo á concorrencia dos presupostos formais, debe entrar a valorarse a existencia dalgunha das causas de nulidade tipificadas no artigo 62.2 LRX-PAC. Neste caso, debe terse en conta o requirimento de anulación realizado pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 11/10/2012, así como o informado polo arquitecto-xefe do Servizo de Asistencia Técnica Urbanística (SATU) o 31/03/2014; cada unha delas debe analizarse por separado.

## **1º. Requisito de anulación da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo**

Segundo co disposto na normativa urbanística de aplicación (art. 92.5 da LOUG), nas materias reguladas pola Lei 9/2002, será a consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio competente para proceder ao requirimento de anulación dos actos e acordos das corporacións locais, regulado polo artigo 217 da LALGA e polos artigos 65 e 66 da LBRL.

O artigo 217 da LALGA establece o seguinte:

*1. Cuando la Junta de Galicia considere, en el ámbito de sus competencias, que un acto o acuerdo de alguna Entidad Local infringe el ordenamiento jurídico, podrá requerirla para que anule este acto o acuerdo, invocando expresamente el artículo 65 de la Ley reguladora de las Bases del Régimen Local.*

*El requerimiento, que debe estar motivado y expresar la normativa que considere que es vulnerada, se formulará en el plazo de quince días hábiles a partir de la recepción de la comunicación del acuerdo.*

*Si hubiese sido solicitada la ampliación de la información, quedará interrumpido el cómputo del plazo, que se reanudará a partir de la recepción de la documentación solicitada.*

*La Entidad Local, en virtud del requerimiento y en el plazo señalado para ello, podrá anular aquel acto o acuerdo, previa audiencia, en su caso, de los interesados.*

*2. La Junta de Galicia podrá impugnar el acto o acuerdo ante la jurisdicción contencioso-administrativa en los dos meses siguientes al día en que venza el plazo señalado en el requerimiento dirigido a la Entidad Local o de la recepción de la comunicación de la misma, en la que se rechaza el requerimiento.*

*La Junta de Galicia podrá impugnar el acto o acuerdo ante la jurisdicción contencioso-administrativa directamente, sin necesidad de formular requerimiento, en los dos meses siguientes al día de la recepción de la comunicación del acto o acuerdo.*

Pola súa banda, o artigo 65 da LBRL dispón o seguinte:

*1. Cuando la Administración del Estado o de las Comunidades Autónomas considere, en el ámbito de las respectivas competencias, que un acto o acuerdo de alguna Entidad local infringe el ordenamiento jurídico, podrá requerirla, invocando expresamente el presente artículo, para que anule dicho acto en el plazo máximo de un mes.*

*2. El requerimiento, que debe estar motivado y expresar la normativa que considere que es vulnerada, se formulará en el plazo de quince días hábiles a partir de la recepción de la comunicación del acuerdo.*

*Si hubiese sido solicitada la ampliación de la información, quedará interrumpido el cómputo del plazo, que se reanudará a partir de la recepción de la documentación solicitada.*

*La Entidad Local, en virtud del requerimiento y en el plazo señalado para ello, podrá anular aquel acto o acuerdo, previa audiencia, en su caso, de los interesados.*

*2. La Junta de Galicia podrá impugnar el acto o acuerdo ante la jurisdicción contencioso-administrativa en los dos meses siguientes al día en que venza el plazo señalado en el requerimiento dirigido a la Entidad Local o de la recepción de la comunicación de la misma, en la que se rechaza el requerimiento.*

*La Junta de Galicia podrá impugnar el acto o acuerdo ante la jurisdicción contencioso-administrativa directamente, sin necesidad de formular requerimiento, en los dos meses siguientes al día de la recepción de la comunicación del acto o acuerdo.*

Segundo se indica nos fundamentos xurídicos, incúmprese:

-artigo 73.1 da LOUG, posto que afecta a unha única parcela;

-parámetros da ordenanza URLI, vulnerando o disposto nos apartados h, g, e do art. 73.2 da LOUG.

En resumo, "a pretendida harmonización cun contorno de vivenda unifamiliar non pode realizarse mediante estudo de detalle alterando as determinacións do planeamento xeral que desenvolve, sendo materia propia dunha modificación deste", segundo considera a secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

## **2º. Informe de data 31/10/2014 do arquitecto-xefe do Servizo de Asistencia Técnica Urbanística (SATU) o 31/03/2014**

A petición do Sr. Alcalde, D. Xosé Francisco Freire emite informe respecto do axuste de ordenación urbanística dun estudo de detalle en Bañías. Trátase dun informe extenso (58 folios), que conclúe o seguinte:

### ***"(...) 6.2 Alegación razoada***

*Consonte a previsión constitucional de que as Comunidades Autónomas poden asumir competencias en ordenación do territorio, urbanismo ou vivenda (art. 148.1.3 da CE/1978), o seu Estatuto de Autonomía atribúe a Galicia a competencia exclusiva nestas materias (art. 27.3 do EAG/1981).*

*Sen prexuízo do anterior, a sentenza do Tribunal Constitucional do 20/03/1997, (STC 61/1997), que derrogou a maior parte da anterior reforma lexislativa en materia urbanística constituída pola L 8/1890 e o RDL 1/1992, confirmou a competencia estatal para establecer as condicións básicas que garantan a igualdade no exercicio do dereito da propiedade do solo en todo o territorio español. Este recoñecemento de competencia esténdese tamén á regulación doutras materias que inciden no urbanismo, como son a expropiación forzosa, as valoracións, a responsabilidade das Administracións públicas ou o procedemento administrativo común (art 149.1 da CE/1978).*

*En todo caso, as normas estatais prevalecen sobre as das Comunidades Autónomas en todo o que non estea atribuído á exclusiva competencia destas (art 149.3 da CE/1978).*

#### **6.2.1 Clasificación do solo**

*Con base na información obtida dos documentos que se achegaron, o ámbito territorial de Vimianzo correspondente ao estudo de detalle en cuestión estaría clasificado como solo urbano consolidado (transt. 1ª.1.b, en relación co 12.a da LG 9/2002). A devandita clasificación de solo equivale no substancial á situación básica de solo urbanizado regulado pola lexislación estatal (art. 12.3 do RDL 2/2008).*

*Esta condición de solo en situación básica de urbanizado confirmaríase pola existencia dos servizos urbanísticos básicos que se detectaron na inspección realizada aos terreos e pola información obtida nos correspondentes planos da Enquisa de Infraestructuras e Equipamento Local.*





# Concello de Vimianzo

## 6.2.2 Unidade urbana completa

O estudo de detalle refírese a unha única parcela, sen cumprir coas previsións legais de ordenar un quinteiro ou unidade urbana completa equivalente (art. 73.1 da LG 9/2002).

Polo citado motivo, semella que tería sido o máis procedente requirir ao interesado para que corrixisse esta deficiencia en prazo ou ben declarar inadmisíbel a tramitación solicitada (art 71, 89.4 da L 30/1992; respectivamente).

## 6.2.3 Adaptación Ambiental

A Composición arquitectónica de edificación acaroada aos lindes de parcela non resulta congruente coa tipoloxía illada do seu contorno, vulnerando a normativa de adaptación ambiental que resulta de aplicación directa (art. 10.2 do RDL 2/2008, 104.c da LG 9/2002), ao posuír un de rango xerárquico superior á procedente do planeamento xeral.

## 6.2.4 Ordenación detallada

As condicións de uso e volume aplicabeis a esta operación de crecemento urbano están fixadas polas disposicións da ordenanza municipal reguladora de solo urbano consolidado correspondentes ás ordenanzas URLI e URFI das normas urbanísticas das NSPV/1994; en todo o que non se opoña á normativa xerárquicamente superior que se citou nos 2 apartados anteriores.

A esas condicións de volume do planeamento xeral se engaden outras de maior precisión pormenorizada que, por non constar publicadas, resultarían inaplicábeis e deben ser substituídas polas que correspondan das NSCPP/1991.

Os particulares posúen o dereito de iniciativa na execución da urbanización, sexan ou non propietarios do solo (art. 6.a do RDL 2/2008; 3.1.b/7, 4.f 5.3, 108.3 da LG 9/2002). Ademáis, baixo determinadas condicións, están facultados para formular previamente os plans de desenvolvemento urbano que correspondan, sempre que contén coa aceptación dos propietarios do solo que representen máis do 50% do ámbito superficial afectado (art. 74, 79 da LG 9/2002); circunstancias todas que parecen concorrer no caso que nos ocupa.

A partir destas permisas básicas que non ofrecen maior dúbida, calquera solución de ordenación de detalle que se proxecte neste ámbito debería respectar as condicións de uso e volume que resultan de aplicar as citadas ordenanzas das NSPV/1994.

Non sucede así co estudo de detalle que nos ocupa, debido a que pretende excepcionar no seu ámbito o cumprimento da condición de volume da ordenanza URLI que determina un fondo máximo edificable de 18m.

Consecuentemente, ademáis da improcedencia de non referirse a unha unidade urbana completa e da vulneración que se refire á falla de adaptación ambiental, este instrumento de planeamento incumpre a ordenación urbanística vixente por non observar a limitación establecida mediante un parámetro específico das condicións de volume das NSPV/1994 (art. 73.2 da LG 9/2002).

## 6.2.5 Nulidade de aprobación

As infraccións detectadas á ordenación urbanística vixente vulneran disposicións administrativas de rango xerárquico superior (art. 62 da L 30/1992), presentes na lexislación urbanística especial,

así como no propio planeamento xeral, significando por tanto unha reserva de dispensación para este ámbito (art. 101.2 da LG 9/2002).

Pola razón anterior, resultaría procedente atender ao requirimento de anulación efectuado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras.

## **7 Consideracións finais**

Con independencia da opinión que se sostén neste informe, o concello de Vimianzo podería dirixirse á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras solicitando que estenda expresamente o seu pronunciamento anterior a todas as cuestións de legalidade que afectan a esta actuación urbanística.

A petición anterior faríase en razón á competencia xeral autonómica para interpretar as situacións básicas de solo que corresponden no réxime transitorio dun planeamento xeral sen adaptar ao marco legal vixente, así como para precisar os límites dentro dos que a iniciativa particular -en exercicio da libre empresa, sexa o non propietaria de terreos- está facultada para elaborar instrumentos de ordenación (art. 6.5, 8.3.b do RDL 2/2008; 3, 4, 74, 90 da LG 9/2002) e/ou exercer o seu dereito completar a urbanización e edificar (art. 8.5/6 do RDL 2/2008, 17 da LG 9/2002).

Esta consideración atende, de xeito analóxico (art. 4.1 do CC/1989), á recomendación contida no apartado 4 da CI 2/2003 para resolver as posibles dúbidas que se produzan pola falla de adaptación dos plans ao presente marco legal na especial materia urbanística, constituído substancialmente polo RDL 2/2008 (modificado polo RDL 8/2011, L 8/2013 e L 27/2013) e a LG 9/2002 (modificada polas LG 15/2004, LG 6/2007, LG 3/2008, LG 6/2008, LG 2/2010, LG 15/2010 e LG 8/2012).

En todo caso, calquera solución que se adopte debería observar o principio xeral de interpretación integrada das normas xurídicas (art. 3 e 4 do CC/1889) conforme ao principio de desenvolvemento urbanístico sustentable (art. 2 do RDL 2/2008) e aplicando os criterios de maior protección ambiental (art. 6 da LG 9/2002 e demais normativa concordante).

Consonte todo o anteriormente exposto; no contexto do que vai dito; sen prexuízo doutras consideracións que resultasen de datos diferentes aos achegados; tratando de actuar en congruencia cos motivos que xustifican a intervención administrativa dos actos de uso do solo e de prestar atención ao espírito e finalidade da normativa vixente; extraio -salvo mellor criteri para os efectos de pronunciamento, cara á correspondente proposta de resolución, as seguintes

### **Conclusións**

#### **Primeira Axuste a ordenación urbanística**

O estudo de detalle aprobado vulnera a ordenación urbanística vixente, porque a edificación proxectada:

1 non contempla un quínteiro ou unidade urbana equivalente

2 adopta unha posición acaroadada aos seus lindes que non resulta congruente coa tipoloxía do contorno



# Concello de Vimianzo

*3 modifica o emprazamento determinado polo planeamento xeral, mediante o aumento do fondo máximo edificable da ordenanza URLI*

## **Segunda Anulación requirida pola Consellería**

*Procedería atender o requirimento en cuestión porque non se ordena unha unidade urbana completa equivalente e por considerarse nulas de pleno dereito tanto a falla de adaptación ambiental ao contorno como a reserva de dispensación do fondo máximo edificable determinado polo planeamento xeral.*

*Non obstante, considerando os informes técnicos e xurídicos que emitan os seus propios Servizos, esa Corporación adoptará os acordos que xulgue máis procedentes.*

*Este é o meu informe que, composto de 58 follas numeradas e sometido a opinións mellor fundadas, emito para o Concello de Vimianzo co fin de que conste para os efectos oportunos.*

*A Coruña, 31 de marzo de 2014*

*O arquitecto-xefe do SATU*

*Xosé Fco. Freire"*

**Pois ben, revisado o expediente, e tendo en conta o requirimento de anulación da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, así como o informado polo arquitecto-xefe do Servizo de Asistencia Técnica Urbanística (SATU) o 31/03/2014, no presente caso concorre a causa de nulidade prevista no artigo 62.2 da LRX-PAC.**

*Así, o apartado 2 do artigo 62 da Lrx-PAC establece que serán nulas de pleno dereito "as disposicións administrativas que vulneren a Constitución, as leis ou outras disposicións administrativas de rango superior ...".*

*Pois ben, como sinala o informe do arquitecto-xefe do Servizo de Asistencia Técnica Urbanística (SATU) de data 31/03/2014 no punto 6.5.2 Nulidade da aprobación, na páxina 56: "As infraccións detectadas á ordenación urbanística vixente vulneran disposicións administrativas de rango xerárquico superior (art. 62 da L 30/1992), presentes na lexislación urbanística especial, así como no propio planeamento xeral, significando por tanto unha reserva de dispensación para este ámbito (art. 101.2 da LG 9/2002)."*

*O artigo 101.2 da LOUG establece: "Serán nulas de pleno dereito as reservas de dispensación que se contuviesen en los planes u ordenanzas, así como las que, con independencia de los mismos, se concediesen."*

*Polo tanto, queda fóra de toda dúbida que o acto administrativo de aprobación definitiva do estudo de detalle adoptado polo Pleno o 26 de maio de 2012 incorre nunhas infraccións legais determinantes da nulidade de pleno dereito do citado acordo, ao abeiro do art. 62.2 da Lei 30/1992), vicios que arrastra este expediente dente o primeiro acto, cal foi a aprobación inicial acordada pola Xunta de Goberno Local na sesión do 19 de marzo de 2012.*

## **Segunda.- Procedemento de revisión e órgano competente.**

*O réxime xurídico da revisión de oficio de actos nulos de pleno dereito inicialmente previsto na*

LRX-PAC foi obxecto dunha profunda modificación operada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. Entre esas modificacións, cabe destacar o carácter preceptivo (declararán) da revisión de oficio, fronte ao carácter potestativo (podrán declarar) da redacción anterior. Polo tanto, detectado un vicio de nulidade radical, a administración debe iniciar o expediente de revisión de oficio.

En relación coa tramitación do procedemento, non existe unha especificidade normativa na actual redacción da LRX-PAC, polo que a produción do acto revisorio debe efectuarse, tal e como ten confirmado o Consello Consultivo de Galicia en diversos ditames, conforme ás previsións do procedemento administrativo común, coa especialidade de que entre os actos de instrución preceptivos é preciso incluír o ditame previo do Consello consultivo de Galicia. Xunto a este trámite, non debe esquecerse a esencialidade do trámite de audiencia a tódolos interesados previo á remisión do expediente ao Consello Consultivo.

A modo de resumo, os trámites serán os seguintes:

- 1º. Acordo de inicio por parte do órgano que ditou o acto administrativo.
- 2º. Trámite de audiencia aos interesados no expediente.
- 3º. Proposta de resolución.
- 4º. Ditame do Consello Consultivo de Galicia, de carácter preceptivo e vinculante.

Cando a revisión se inicia de oficio pola propia Administración, o prazo máximo para resolver son tres meses, e transcorrido o mesmo sen resolver prodúcese a caducidade do expediente. A remisión do expediente ao Consello Consultivo para a emisión do ditame suspende o cómputo do prazo para resolver.

Isto é o que se informa, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito.”


Consta proposta da Alcaldía, de data 7 de novembro de 2014, que se transcribe íntegramente:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Visto o estudo de detalle aprobado na sesión plenaria celebrada o 26 de maio de 2012, cuxa anulación foi requirida pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o 16 de outubro de 2012. Diante da falla de atención do citado requirimento, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas presentou recurso contencioso-administrativo. Consta sentenza do TSXG, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, de data 5 de decembro de 2013, declarada firme o 7 de abril de 2014 e testemuñada a este Concello o 11 de abril de 2014 (RE 2760), co seguinte fallo: *“FALLAMOS: Que debemos declarar y declaramos la inadmisibilidad del recurso contencioso-administrativo interpuesto por la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, contra resolución del pleno del Concello de Vimianzo de 26 de mayo de 2012, por el que se acuerda aprobar definitivamente el estudio de detalle de señalamiento de alineaciones y volúmenes en Baíñas, así como contra la desestimación presunta del requerimiento de anulación realizado por la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras; sin hacer especial condena en costas.”*

O 11/04/2014 con RE 2763 o presidente da Deputación Provincial remite informe emitido polo Servizo de Asistencia Técnica Urbanística respecto do “axuste á ordenación urbanística dun estudo de detalle en Baíñas”, no que se conclúe a procedencia de atender ao requirimento de anulación.

Solicitado informe á Secretaría municipal o 09/06/2014, consta informe emitido o 17/07/2014, no que conclúe a procedencia de iniciar expediente de revisión de oficio do estudo de detalle aprobado na sesión plenaria celebrada o 26 de maio de 2012.



# Concello de Vimianzo

Visto o acordo plenario adoptado na sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2014, de inicio do expediente de revisión de oficio, que foi notificado aos promotores do estudo de detalle o 29 de xullo de 2014 (RS 4436), constando escrito de alegacións presentado o 13 de agosto de 2014 con RE 6533.

Tendo en conta o informe emitido pola secretaria o 6 de novembro de 2014.

No uso das facultades que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais normativa de aplicación, e atendendo aos informes evacuados e á documentación obrante no presente procedemento, eleva ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Obras, a seguinte proposta de Acordo:

Primeiro.- Declarar a caducidade do expediente de revisión de oficio incoado por acordo plenario adoptado na sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2014, polo transcurso do prazo máximo para resolver previsto no artigo 102.5 da LRX-PAC sen que recaera resolución expresa.

Segundo.- Incoar procedemento de revisión de oficio do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, aprobado definitivamente polo Pleno o 26 de maio de 2012, polos motivos expostos no requirimento de anulación ditado pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o 16 de outubro de 2012, no informe emitido polo arquitecto-xefe do Servizo de Asistencia Técnica Urbanística o 31 de marzo de 2014 e no informe emitido pola Secretaria municipal o 6 de novembro de 2014; documentos que serven de motivación ao presente acordo, aos efectos do disposto no artigo 54 da LRX-PAC.

Terceiro.- Notificar aos interesados o presente acordo de iniciación, poñéndolles de manifesto o expediente, ao abeiro do disposto no artigo 84 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, concedéndolles un prazo de quince días hábiles a fin de que poidan aducir as alegacións e aportar documentos ou outros elementos de xuízo que estimen convenientes.”

A antedita proposta foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo e Obras, por dous votos a favor do BNG, tres abstencións de PSOE, IxV e concelleiro non adscrito, e ningún voto en contra.

Aberto o turno de intervencións, o alcalde explica que este é un asunto que xa se debateu en moitas sesións plenarias: aprobouse un estudo de detalle e a Xunta requeriu a súa anulación, pediuse informe á Deputación e o arquitecto considera que é nulo, así como o informe da secretaria municipal. Polo tanto debe revisarse de oficio o acordo.

O Sr. Miñones Riveiro di que xa se abstiveron no seu día e van seguir nesa posición.

O Sr. Soto Pérez califica este expediente de “kafkiano” e considera que a administración non lle pode causar máis problemas a un veciño. A alcaldía levou este expediente ao pleno, con informes favorables, e el xa advertiu naquel momento que o estudo de detalle non era o instrumento axeitado. Indica que o expediente foi ao xulgado, a Xunta parece ser que interpuxo o recurso contencioso fora de prazo e foi inadmitido por extemporáneo. O concello iniciou a revisión de oficio e misteriosamente deixouse caducar o expediente. Sinala que os promotores reclaman vinte mil euros de indemnización. Di que van deixar ao alcalde só neste asunto, vanse abster.

O Sr. Amado Sambade di que se van abster.

O concelleiro non adscrito explica, para que a xente saiba de que vai este tema, que é unha xente que quere facer unha vivenda unifamiliar en Baíñas, e o alcalde díxolle nunha reunión diante de máis veciños: “empezaches mal en Vimianzo e vas acabar peor”. Di que se dixeron moitas tonterías, como que os promotores lle adxudicaran a electricidade da vivenda e outras mentiras. Considera que cando unha xente ven de fora e queren instalarse no municipio hai que axudalos a que podan facer unha casa, que non é unha mansión como vai dicindo o alcalde. Di que se van abster el e a súa compañeira. Afirma que este problema creouno o alcalde, que foi quen aprobou ese estudo de detalle, e considera que os seus comentarios sobre esa familia foron moi desafortunados.

O alcalde replica que fai falla ter cara.

O Sr. Rodríguez Blanco contesta que cara tena o alcalde.

O alcalde mándao calar e di que agora tócalle falar. Di que non sabe con quen faloron os promotores no concello, pero dende logo non foi co alcalde nin con ninguén do goberno, porque non orientan á xente acerca do que teñen que facer, cousa que sí facía o anterior goberno, e de feito o Sr. Rodríguez Blanco vai ter que dar moitas explicacións sobre un restaurante de Baíñas que ten unha sentenza de demolición e unha casa no Outeiro. Dille que el era concelleiro de Urbanismo e Obras cando se presentou o estudo de detalle, polo tanto debe saber moito deste expediente. Pregúntase como pode ter adxudicada a obra o promotor, sen ter licenza para construír. Supón que o concelleiro non adscrito ten toda esa información por un amigo seu contratista, que non quixo empezar unha obra municipal que tiña adxudicada e que os levou ao xulgado. Desminte que ameazara a ninguén, e di que xa se verá todo o que hai detrás de supostas ameazas das que a oposición sabe moito. Indica que os promotores queren que o concello lles permita facer o que lle da a gaña, e a lei debe ser igual para todos. Considera que estas actitudes dende o concello a quen máis perxudican é ao particular, porque lle crean un problema; outra cousa sería cambiar as normas urbanísticas se os veciños queren.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por catro votos a favor do BNG, sete abstencións do PSOE, IxV, PP e concelleiros non adscritos, e ningún voto en contra, acorda:

Primeiro.- Declarar a caducidade do expediente de revisión de oficio incoado por acordo plenario adoptado na sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2014, polo transcurso do prazo máximo para resolver previsto no artigo 102.5 da LRX-PAC sen que recaera resolución expresa.

Segundo.- Incoar procedemento de revisión de oficio do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, aprobado definitivamente polo Pleno o 26 de maio de 2012, polos motivos expostos no requirimento de anulación ditado pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o 16 de outubro de 2012, no informe emitido polo arquitecto-xefe do Servizo de Asistencia Técnica Urbanística o 31 de marzo de 2014 e no informe emitido pola Secretaria municipal o 6 de novembro de 2014; documentos que serven de motivación ao presente acordo, aos efectos do disposto no artigo 54 da LRX-PAC.

Terceiro.- Notificar aos interesados o presente acordo de iniciación, poñéndolles de manifesto o expediente, ao abeiro do disposto no artigo 84 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, concedéndolles un prazo de quince días hábiles a fin de que poidan aducir as alegacións e aportar documentos ou outros elementos de xuízo que estimen convenientes.



# Concello de Vimianzo

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vinteúnha horas e dez minutos, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o catorce de novembro de dous mil catorce.

O ALCALDE

A SECRETARIA

